

ARTE

# O esaxerado na arte contemporánea

A mostra reúne obra acorde ó tema de 34 artistas internacionais que a través do vídeo, pintura, escultura, fotografía ou instalación se valen dos métodos melodramáticos

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO


A proposta que presenta MARCO (Museo de Arte Contemporánea) de Vigo foi organizada nun proxecto de colaboración con Artium (Álava) e o Centro José Guerrero de Granada. Ten como motivo de estudio o que dá nome á exposición: o 'Melodrama' ou esaxeración de sentimentos. Temática aproveitada por moitos artistas contemporáneos en prol de se opor á frialdade do conceptual. Este concepto de melodramático, que sempre vemos nos demais e nunca en nós mesmos, foi sumamente criticado e atribuído ás clases baixas sensibleras opostas ás manifestacións comedidas das mentes cultas e sofisticadas.

Coa presente exposición sométese a revisión este concepto, precisamente por impregnar a existencia cotiá de manifestacións escritas, orais, xestuais ou televisuais cargadas de exceso desmesura.

A mostra reúne obra acorde ó tema de 34 artistas internacionais que a través do vídeo, pintura, escultura, fotografía ou instalación se valen dos métodos melodramáticos sen complexo nin comedimento ningún.

Os que vexan a arte como distracción atopan na obra de John Isaacs, *Un necesario cambio de parecer*, pura provocación. Esta peza altera a sensibilidade humana acrecentando a dor e o sufrimento dun público conternado pola irreverencia do que se presenta como un cadáver ensanguentado nunha peana, loado como vítima de sacrificio humano. Os máis ousados regodearanse polos vericuetos ocultos trala pel, xa que a obra traspasa os límites do normal e ordinario.

Connoción psíquica non apta ós deprimidos proporcionaa o vídeo de Patricia Piccinini *El*



'La Mano Sinistra', unha obra de Valeriano López

*cuarto que respira*. Os poros dun alienígena sufrindo de tormento, de pánico acentuado polo solo vibrante, introdúcese nesa fronteira prohibida da psique humana.

Os asuntos xenéticos tamén son considerados artísticos, como demostra a escultura de Bryan Crockett titulada *Ecce Homo*. É un híbrido de corpo case humano e cabeza de rato. O primeiro rato humano mostra as súas chagas lembrando o sacrificio de Cristo; nos seus ollos reflectímonos a modo de novas vítimas. A imaxe reclama reverencia ó loarse nunha peana nunha actitude presentada con toda credulidade e desafiando as leis comunmente aceptadas.

Alguns artistas revisan ironicamente a Historia da Arte. Sergio Veiga ambienta a Ophelia de Millais nunha paisaxe tropical, morrendo o mito comida por un caimán. Joan Fontcuberta envol-

ve a Ofelia no misterio, superpoñendo a técnica pictórica á radiográfica. Valeriano López usa o cadro de El Greco *El caballero de la mano en el pecho*. A man do célebre retratado traspasa os límites do cadro penetrando noutra realidade contemporánea. O que era unha obra do pasado petrificada pasou a ser móbil e libre transgredindo os límites e desafiando as leis inamovibles e sagradas. O decoro ea pose do cabaleiro trócanse pola miseria do inmigrante e ilegal, con todas as dificultades que atravesara a súa situación.

Otras obras céntranse no obxectual. Algunhas mergulladas en ambientes un tanto psicodélicos, como o corazón partido atravesado por unha frecha de Tim Noble e Sue Webster.

Wim Delvoye fai dos aparellos banais da vida diaria elementos de luxo, como obxectos de desexo e vehículo de distribu-

ción adquirindo *Oruga* o prestixio de obxecto cobizado e moi estrafalario.

Nunha artesanía moi elaborada de gusto Kitsch encádrase o traballo de Liza Lou *Armario*, pormenorizadamente elaborado a base de miríades de contas brillantes. Os obxectos de limpeza adquiren rango preciosista. Un armario, cal arco de triunfo, loa e engrandece o traballo doméstico outorgándolle rango laboral.

Preséntanse outros temas asociados ó dramático, como a fatalidade; a adolescencia por vivir con toda intensidade determinadas sensacións; os culebróns na esaxeración do xesto; escenas de sexo que chegan ó incesto... En fin, escenarios molestos e irritantes nunhas propostas que denotan calidade en moitas ocasións, pero que noutras a transgresión non está xustificada.

CINE

# Un documental con fermosas fotos e bela música

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

## XERACIÓN ROUBADA

Director: Phillip Noyce  
Intérpretes: Everlyn Sampi, Tianna Sansbury, Laura Monghan, Ningali Lawford y David Gulpill

A historia real sobre a que se asenta *Xeración roubada*, película formalmente correcta, merecía que se soubera. En Australia, entre os anos 30 e 70, os brancos trataron de solucionar o problema racial mediante a creación da Oficina Australiana de Protección dos Aborixes que prohibía os matrimonios mixtos e internaba os nenos mestizos en institucións gobernamentais e relixiosas coa intención de arrincaralles de raíz a súa lingua, os seus costumes, e convertelos en submisos abrancuxados para o servizo doméstico.

Chistine Olsen elabora sobre o testemuño directo de dúas sobreviventes un guiño no que tres nenos mestizos, Molly, a máis vella das tres, Daisy, a súa pequecha irmá, e a curmá Gracie, despois de ser arrincadas violentamente da súa comunidade de Jigalong para ser internadas nun deses centros gobernamentais, foxen do internado e, a través dunha paisaxe inhóspita, seca, interminable, case imposible de recorrer, regresan xunto da súa nai e da súa avoa.

Mais a pesar de que a historia é necesario recuperala, pois pola súa fondura e capacidade de lembranza denunciadora merece toda a atención, non se eleva á categoría de filme emotivo e pleno. Noyce, o director, filma con sobriedade e finura pero non traspasa totalmente a liña que separa o documental coído e elegante do filme con ficción viva, propia, superior á historia contada. Actúan con solvencia as protagonistas, sobre todo nesas miradas e silencios prolongados; podemos contemplar con gusto fotos tan extensas como íntimas de paisaxes secas, de pedras, augas, de terra infinita; sentimos os paxaros, os movementos das árbores, o ruxir das augas, a percusión poderosa da banda pensada por Peter Gabriel; reconecemos-la friaxe do internado e do seu director tratando de domesticar e anular as mestizas; conseguimos ás veces ver na mirada do rastreador o medo e a desconfianza..., pero a fuxida resulta monótona, a persecución sen nervio, a historia demasiado explicitada nos primeiros planos, a tensión desaparece de contado. Sobre un feito tan dramático non é quen de crear nada, só reproducir con fermosas fotos, bela música, a paisaxe sobria dunha opresión, rebeldía e fuxida coñecidas desde as primeiras escenas.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE